

COMPLEMENTOS E MÁIS...

Como di a canción "*murmuraban as nosas veciñas que CIG non asinaba acordos, iso é verdade non o negamos*".... pero o que non asinamos son acordos que deixan fóra a unha gran parte do persoal, e crean diferencias entre postos coas mesmas características como así o viñemos avisando durante a negociación.

É totalmente falso que desde CIG esteamos en contra da creación de complementos, como ben sabes somos os primeiros en defender uns salarios dignos así como a unificación de criterios tanto na súa creación como na súa asignación a todas e todos as empregadas e empregados do IV convenio único, defendendo precisamente a unidade de criterios.

Non entendemos e polo tanto non defendemos a creación de novos complementos coa amortización de prazas vacantes, xa que seria estar eliminando emprego público, por iso non vamos a refrendar ningún acordo nesas condicións.

Do que estamos en contra é da forma de financiar eses acordos, co diñeiro de todos non se poden crear complementos para uns poucos, cunha amortización indiscriminada de prazas non se poden crear complementos para uns poucos.

Por exemplo, ¿que pasa cos departamentos pequenos, sen capacidade de amortización?, que pasa co seu persoal....que a pesar de realizar as funcións do departamento do lado non terán complementos debido a que non poden amortizar prazas.

Ben que se puido entrar, durante a negociación do acordo, nos criterios das prazas a amortizar, tentar unha formula que fose xeral e non deixase a ninguén atrás ou que non mellorase a uns poucos, pero non quixeron. Insistimos, avisóuselles pero había intereses máis importantes que o conxunto do persoal.

¿Que pasa cando o diñeiro de todo o persoal utilízase para crear complementos para uns poucos?, ¿tamén estamos de acordo?

Iso parecen pensar os que asinan en Función Pública un acordo e logo andan polos centros de traballo facendo campaña en contra e tentando que o persoal o denunciemos.

Pero bo, alá eles coa súa idea da mellor defensa do persoal, alá eles coa súa forma de actuar. Son os de sempre, os do ruído, os de levantarse das mesas de negociación se non lles vai ben, os de amagar con instancias superiores.

Pero desde CIG témolo claro, estamos nun Convenio único e avogamos pola igualdade de todas e todos os que del formamos parte.

COMPLEMENTOS SI, PERO NON ASÍ.